

A/a: Ignacio MaestroSaavedra

Dirección Xeral de Mobilidade

Edif. Admtvo. San Caetano, s/n

15781 - Santiago de Compostela

Don Constantino Cordal Rodríguez, con NIF: 35.452.897-F, en calidade de Concelleiro delegado da área de Mobilidade e Seguridade Cidadá do Concello de Cambados, e como mellor proceda,

EXPOÑO,

Que en xuño de 2019 se emitiu resolución por parte da Dirección Xeral de Mobilidade pola que se someten a información pública o anteproxecto de explotación do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, dentro do Plan de Transporte Público de Galicia, con clave XG814 e XG817.

A importancia do transporte público e colectivo de viaxeiros por estrada como elemento vertebrador dos diferentes territorios, comunicándoos Internamente e co exterior; de xerador de progreso polo que ten de permitir un acceso universal aos diferentes servizos, agora, hai que lle engadir unha nova e urxente necesidade: a loita contra o cambio climático e en consecuencia, a eliminación de cantos máis vehículos particulares mellor das estradas, das cidades, das vilas, etc.

Estas dúas cuestións principais, que en resumo teñen que ver coa rendibilidade social, están ao noso entender fóra dos obxectivos que proposta que a Xunta de Galicia nos presenta no devandito documento, agora a exposición pública. Unha vez máis ponse por diante o beneficio das empresas concesionarias do interese xeral, cando debería ser xustamente ao contrario, pois mesmo en termos económicos o lóxico para facer rendíbeis as concesións (ou as liñas), cómpre rachar o bucle no que unha política errática de transporte nos meteu nos últimos 35 anos: “non pode haber mellor transporte porque non hai viaxeiros, e non hai viaxeiros porque non hai un transporte mellor”.

Dende o Concello de Cambados, apostamos por unha oferta xenerosa en percorridos, paradas, frecuencias, horarios e prezos.... xenerosa e acorde coas necesidades reais da veciñanza de Cambados en particular, e do Salnés en xeral.


Polo que revisada dita documentación e dentro do prazo concedido presento escrito coas seguintes



ALEGACIÓNS,



PRIMEIRA.- Despois de analizado Plan de Transporte exposto vemos que Cambados non contará cunha Liña directa exprés (poucas paradas) a Pontevedra, Santiago e A Coruña. Así por exemplo a liña XG817440101 que une A Coruña-Ordes-Santiago-Padron-Vilagarcía-Vilanova-Cambados-Villalonga-O Grove-A Toxa, que ten unha duración de tres horas e corenta minutos en percorrer 149,90 km, ademais de carecer dun percorrido de volta nesta liña. Isto supón un prexuízo en condicións de servizos públicos e polo tanto económico para a nosa veciñanza.

Motivo polo que dende o Concello de Cambados solicitamos a creación de tres novas Liñas directas exprés (poucas paradas) de ida e volta, que comuniquen Cambados con Pontevedra, Santiago e A Coruña, mellorando a Viabilidade Económica e sustentabilidade da nova Liña, aumentando considerablemente a viabilidade social, e non supoñendo un alto grado de dificultades técnicas, operacionais e ambientais, xa que o novo tramo proposto discorrería por vías de alta capacidade (VG-4.2) e AG-41 e AP-9.





SEGUNDA.- Noutros Concellos turísticos da Comarca do Salnés está prevista unha nova liña circular e nocturna en época estival con Pontevedra, da que Cambados queda excluído. Cremos que debería valorarse que se realizara unha nova liña que conectara o resto dos Concellos do Salnés tamén en época estival, incluíndo na mesma a Vilagarcía, Vilanova e Cambados con Pontevedra, e se facilitara a comunicación entre os Concellos coa creación dunha liña Circular Nocturna.

TERCEIRA.- Noutros Concellos da Comarca do Salnés está prevista unha nova liña circular que conecte as Parroquias co núcleo urbano. Liña da cal o concello de Cambados carece pero que si é demanda pola veciñanza, polo que debería valorarse que se realizara unha nova liña que conectara as parroquias do Concello de Cambados co núcleo urbano, e que mellore as condicións dos servizos públicos para a nosa veciñanza.

CUARTA.- É fundamental para o crecemento dun municipio ou de calquera outra urbe, que as comunicacións a través dos diferentes transportes, neste caso público, sexan áxiles e sobre todo existentes.

Deste xeito consideramos esencial que este Plan de Transporte dea resposta a necesidade de comunicación con servizos básicos como o sanitario (Hospital de Montecelo, Hospital Clínico Universitario de Santiago e o Complexo Hospitalario Universitario A Coruña) e Campus Universitario e da Escola Oficial de Idiomas existentes no Concello de Pontevedra, Campus Universitarios de Santiago de Compostela e Campus Universitarios da Coruña, así como a conexión directa coas estacións de tren e aeroportos de Santiago de Compostela e A Coruña.

Polo que **SOLICITAMOS**,

Que tendo por presentado este escrito, se teña admitido e en virtude das anteriores alegacións se proceda a telas en conta e incorporar as propostas indicadas no Plan de Transporte exposto.

O que se informa, aos efectos oportunos.

Cambados, 16 de agosto de 2019.

Concelleiro delegado da área de Mobilidade e Seguridade Cidadá do Concello de Cambados.

Documento asinado electrónicamente.

